

ID#592

Leduzo - Cerqueda - Malpica de Bergantiños, 1980-03

Informantes: Calviño (45) e Celestino (40)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

7a

calviño $\text{♩} : 76$

Leduzo, Pazos, Ponteceso. Marzo 1980.

1) Pois va-mos lo-gho gha-vár de qu'o pe-lo xa se nos rí-za
u-nha du-cia de can-cións de cha-li-cia por su-i-za

variantes estróficas:

33-33) estrofas impares (calviño) g) (CELESTINO) 14) (CELESTINO)
35)-52)

Despois de tomar un café cantan outras 91 coplas das que presentamos aquí unhas cantas para mostrar como a melodía pouco a pouco foi cambiando ata chegar á melodía da copla 53:

- a, b, c, outras 18 coplas máis,
- d, outras 25 coplas máis coa melodía a-c,
- e, outras 3 coplas máis coa melodía a-c,
- segue unha copla coa melodía da copla 1 en tonalidade de *mi* e dúas coplas coa melodía a-c,
- f, seguen 21 coplas coa melodía f,
- g, 11 coplas coa melodía g; desas está trascrita a 5.^a copla,
- h, a copla é unha mezcla da melodía g e da seguinte (copla 53), coa melodía da copla 53 cantan antes outras 7 coplas



Museo do Pobo Galego



Instituto de estudos das identidades

calviño

a) Pois em-pe-ze mos de no-vo () qu'ès-te ro-lló qu'em-pe-za-mos
que xa to-ma-mos cá-te'

hai que dar-ue al-ghu-nhá te-ie

CELESTINO

b) eu por es-to que che di-gho () ghús-ta-me qu'á mi. ña 'sto-riá
eu non fa-lo por co-di-zã

que se ve-xá por su-í-zã

calviño

c) non ten-cá-nes Ci-lis-ti no () porqu'á si-ño-rá xa di-xo
mir' ò ai-re pr'ón-de vai

qu'est'á su-í-zã non vá-ie

CELESTINO

d) Eu o de-ta-lle x'ò ve-xo () qu'an-que es-tu-diou p'á
qu'eu vou po-lo mund'á-dien-te

cu-is pois té-ñoo por un man-gan-te



Museo
do Pobo
Galego



Instituto de
estudos das
identidades

CELESTINO

e) e) Eu ta-mén vin mui-tas ve-las e sún-te-las dis-cu-ti-re
son eu de-sa cua-li-da'

pro' qu'ás ve-las tén ver-da-de

calviño $\text{♩} = 66$

f) ho-mes hai-nos mui-tran-qui-los o cho-ío da dis-co-te-cã
que'u ta-mén x'ás co-no-cín

pois pou-co me ghus't'a mi-nhe

calviño

g) A po-bre de mi-ña tí-a pro cre-o que xa apren-di-u
pod'á-gho-ríar un xa-poz

e xa sab'á march'á-ta-se

calviño

h) Ai vi-va Tau'a mañ lo-du-zo qu'o pe-lo xa se nos ri-zã



vi-va quen nos vi-si-tou viv'á si-ño-rã su-í-zã



Museo
do Pobo
Galego



Instituto de
estudos das
identidades



variantes estróficas: (CELESTINO)



Ponteceso IV, V. Celestino 40, Calviño 45.

L: 26.

*Transcrición orixinal de Dorothé Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothé Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.

26

- | | | |
|------------|---|----|
| Calviño: | | 1. |
| | Pois vamos logho ghravar
de qu'o pelo xa se nos riza
unha ducia de cancións
de Ghalicia pra Suíza; | |
| Celestino: | | 2. |
| | Eu tamén ch'hei decire
deso podom' alabare
na provincia de Ghalicia
desto vanse recordare; | |
| Calviño: | | 3. |
| | Do choio do poesía
mira pr'ond'o aire vai
prá baixá de Berghantiños
en Ghalicia xa non haie; | |
| Celestino: | | 4. |
| | Unha cousa com'a nosa
como dixo miña nai
na provincia de Suízã
eu creio que non a ihaie; | |

ID#592



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Calviño: 5.
Suíza ten boas cousas
Calviño ben o sabía
pro penso de que non
tén o conto da poesía;
- Celestino: 6.
O conto da poesía
non te debe d'estrañare
porque en tod'a provincia
inda tá por explotare;
- Calviño: 7.
Este conto tá moi morto
aghora vai despertare
que cheghou esta señora
a xunt'a nóh pra ghravare;
- Celestino: 8.
Dios queir'à Virgen do Carme
o mundo sintome ben
dunha vez que lle ghravamos
pois que lle valla de benhe;
- Calviño: 9.
Halle de servir de ben
cantamos a pouca vós
leva ghravada a poesía
e un recuerdo de nose;
- Celestino: 10.
E despois hanlle decire
por aló ben os veciños
qu'eu traio esto ghravado
da baixã de Berghantiños;
- Calviño: 11.
Pous ghravous'en Berghantiños
nesta terriñã tan chan
dond'hai carballos e pinos
e os castaños se danhe;
- Celestino: 12.
Aínda no'o dixeches todo
qu'eu non vou ser rexubeiro
que ihai castaños moi bos
castañas do castiñeiro;
- Calviño: 13.
Hai castañas abundantes
boas a máis ben finiñas
qu'hai castañeiros moi bos
pola zona das Mariñas;

ID#592



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Celestino: 14.
Ind'os hai aquí por baixo
non queda por
se che cadra de ter unha
ind'a partes na cabeza;
- (...)
- Calviño: 15.
Eu vou cambiar de historia
entrando nas primaveras
que inda me quedou atrás
que temos vacas lecheras;
- Celestino: 16.
Nós temos vacas lecheras
qu'eu voute desengañare
pero o leite no o sen
seique no'o queren paghare;
- Calviño: 17.
Págha-no a catro pesos
viras'un algho ó rovés
polo mérito que tén
debían paghá-lo a dése;
- Celestino: 18.
Pra manter nós esas vacas
hai que ter entendemento
vendé-lo leite tan dado
quen o caus'é o Entamiento;
- Calviño: 19.
O Untamiento no'o causa
hasme falar con locer
xa tén traballos abondo
nese non se vai metere;
- Celestino: 20.
O conto do Entamiento
como non son aparvado
ou ha sé-lo Entamiento
que se non mandall'o 'Stado;
- Calviño: 21.
Eso däs vacäs lecheras
manadas polos camiños
e ialghún vainas manter
por os serros dos veciños;

ID#592



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Celestino:	22.
	S'algún vén prá miña leira eu heite desengañare cunhas palabras ben feias eu pens'o de despachare;
Calviño:	23.
	Pro anque lle chames nomes s'o home non e formal vaille tirando da corda ã vacã pacend'iguale;
Celestino:	24.
	Percís'un litro de leite como debes comprendere vou a xunta do labregho a máis non mo quer vendere;
Calviño:	25.
	Däquelã n'é boa xente vouchë contá-lo que pasã ti s'é que percisas leite ven por el á nosa casa;
Celestino:	26.
	Ti tés dúas vacas boas qu'eu tamén o hei falare pro seghún teñ'entendido seique non es moi leitare;
Calviño:	27.
	Moito leite non o dan son moi estreitas ó lombo hai pro pra mantert'a ti penso qu'han de dar abondo;
Celestino:	28.
	Un detalle coma iese eu Cälviño xa o vin polo vist'inda tempera per'o leite é moi ruíne;
Calviño:	29.
	O leite fai boa nata dighocho de contadiño mãnteighã i ás dúas voltas nesa casa de Calviño;
Celestino:	30.
	Pois a té-la desa forma o detalle xã o vin cánto me podes cobrarre facerm'un queixo pra minhe;

ID#592



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Calviño: 31.
 Äseghún quérirä-lo queixo
 miremos do que se trata
 non vaias pedirm'un queixo
 inda máis ghrande cá vacä;
- Celestino: 32.
 Eu queríach'un bo queixo
 pra esto non hai romedio
 s'é que mo podes facere
 pois de dous quilos e medio;
- Calviño: 33.
 Eso no'é nincún milaghro
 no'o repites outra vez
 se non cheghan dous e medio
 áinda cho fagho de trese;
- Celestino: 34.
 Hasme de facer un queixo
 xä te conozo na testa
 pa manter tod'a familia
 aló o día da festä;
- Calviño: 35.
 Pois xa imos quedar neso
 non temos máis que falare
 o antesvisprä da festa
 se queres mand'o buscare;
- Celestino: 36.
 Pois daquela vou por el
 xa qu'o queixo queda ben
 e de paso vou por el
 levochos cartos taménhe;
- Calviño: 37.
 Por ser pr'òn día da festa
 mir'o que che vou contar
 tratarse de dous ämighos
 pois xa non cho vou cobrarre;
- Celestino: 38.
 Se non me queres cobrarre
 non quero ser embustero
 qu'unque nós semos amighos
 pois de balde non cho quero;
- Calviño: 39.
 Pois se n'o queres de balde
 non vin cuadro coma el
 eu vendercho xa non quero
 däquelä pasä sin ele;

ID#592



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Celestino: 40.
Ti cobrar vá-lo cobrare
qu'eu mentírah non ah digho
asta mo débeh vendere
e cobrá-lo com'amigho;
- Calviño: 41.
Pois vé-no buscar se queres
qu'eu heicho de fâcer ben
ha de ser queixo con ghusto
porqu'o leite vale benhe;
- Celestino: 42.
Home eu xa non m'engaño
qu'eu tamén o hei falare
porqu'esäs herbäs de Tallo
polo visto son leitaires;
- Calviño: 43.
Son herbäs de muito leite
herbäs de boa nabiña
e no 'stán con herbas solas
qu'as vacas comen fariña.
- Celestino: 44.
Ahora heiche decire
ti xa sábe-lo que fais
a fariña non a ven
ti dáslle peixe a no máise;
- Calviño: 45.
Piéns'aló xa non o ven
qu'eu son de boä nabiña
eu pra qué ll'hei comprar pienso
s'é máis caro cá fariña;
- Celestino: 46.
Dixom'ä min o Xirifo
qu'asta ihai ben que falare
qu'eu chegh'á cas de Calviño
e tén moito que paghare;
- (...)
- Celestino: 47.
Prä cantar unhä regheifa
vámo-lo falar äsí
porque jefes coma jefes
quedamos eu a mais tíe;
- Calviño: 48.
Xa ieramos nälgún tempo
xa cho dixen alghún vran
o que nos facía falta
tar algho dados de manhe;

ID#592



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Celestino: 49.
O que socede Calviño
sin andar moit'a correre
que tés moita cholería
non me queres entendere;
- Calviño: 50.
Eu entendome con todos
e con todos vivo ben
qu'eu ghanar ghänei ben deläs
pro perdín moitäs taménhe;
- Celestino: 51.
Pois daquelä desa forma
son de boa cualidá
pois ghanar coma perdere
Calviño tanto me dáie;
- Calviño: 52.
Entre dous homes leghales
entended'educación
qué máis perder que ghanar
basta lová-l'ä funciónhe;
- (...)
- Calviño: a.
Pois empecemos de novo
que xa tomamos café
qu'este rollo qu'empezamos
hai que darlle alghunha feie;
- Celestino: b.
Eu por esto que che digho
eu non falo por cobizä
ghustame qu'ä miña 'storiä
que se vexa por Suízä;
- Calviño: c.
Non t'encañes Cilistino
mir'o aire pr'onde vai
porqu'a siñorä xä dixo
qu'est'a Suízä non vaie;
- (...)
- Celestino: d.
Eu o detalle x'o vexo
qu'eu vou polo mund'adiante
qu'unque estudiou pra cura
pois teño por un mangante;
- (...)

ID#592



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Celestino: e.
Eu tãmén vin muitas vellas
son eu desa cualidá
e sínte-las descutire
pró qu'as vellas ten verdáie;
- (...)
- Calviño: f.
Homes hainos mui tranquilos
qu'eu tamén x'os conocín
o choio da discotecã
pois pouco me gust'a minhe;
- (...)
- Calviño: g.
A pobre de miña tía
pod'agharrar un rapaz
pro creo que xa aprendiu
e xa sab'a march'atrase;
- (...)
- Calviño: h.
Ai viva Tallo e máis Leduzo
qu' o pelo xa se nos riza
viva quen nos visitou
viva a señora suiza;
- (...)
- Calviño: 53.
Que viva à nosa Ghalicia
carreteras e camiños
que vivan os cantadores
da Baixa de Berghantiños;
- Celestino: 54.
Estirámo-la gharghanta
ighual que dix'o meu pai
na baixa de Berghantiños
outro'pa nóh non os haie;
- Calviño: 55.
Temos esta profesión
cousa de natureza
e temos que darll'ah ghracias
ã Dios por darnos cabezã;

ID#592



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Celestino: 56.
Eu digholl'èsta señora
dunha vez qu'é iestranxeira
todo esto que ghravou
leve osté ionde queira;
- Calviño: 57.
Pode ir a calquera lado
seia d'invern'ou de vran
qu'anque vai'a Nortamérica
coma iésteñ non o fanhe;
- Celestino: 58.
Disque os hai no estranxeiro
que cho digh'a poucã voz
veñen á televisión
po non noh dan clas'ã nose;
- Calviño: 59.
Clase neste non a ihai
que'est'estudio non o tén
qu'este é un don de Dios
e fai falta näcer benhe;
- Celestino: 60.
Ahora heicho decire
qu'eu no'o teño por bäixeziã
porque esto sal d'aquí
dã nosã propiã cabeza;
- Calviño: 61.
Levo vintacinco anos
aghercend'a profesión
e semblei moitos amighos
co asunto dã canciónhe;
- Celestino: 62.
Neso non tas enganado
eu espero que me dighäs
que inda enganach'a ben deles
co asunto das amighäs;
- Calviño: 63.
Eu defendom'ònha forma
como mellor me convén
pra tornar do meu corpiño
que comenciã me tenhe;
- Celestino: 64.
O detalle de Calviño
que espera que ll'eu digã
non sei o que lle pasoue
disque tiña unh'amighã;

ID#592



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Calviño: 65.
Inda tuven máis ca unha
a mais trataronme ben
aghorã teño cincuenta
non me fai caso ninquiénhe;
- Celestino: 66.
Ahora doume de cuenta
que dí-la verdá iaquí
que terás unhã cheã delãs
pero non mirän pra ti;
- Calviño: 67.
Mirar inda miran algho
desd'a cäbezä iós pés
pro non me miran ó dreito
miranm'algho de travése;
- Celestino: 68.
A mais non lle poñäs culpa
qu'eu entend'o estribillo
que cheghaches ós cincuenta
e fallach'o pizärrillo;
- Calviño: 69.
Miram'un algho pra baixo
cousa de natureza
pro agardasm'o defeuto
tar sin pelo na cabeza;
- Celestino: 70.
Será do moito pensare
buen'o Dios que te pintou
qu'inda ti non me dixeches
por qué recoño marchou;
- Calviño: 71.
O pelo quitoumo Dios
a mais quitoumo lixeiro
non me pärciu mal nincún
que xa mo dera pirmeiro;
- Celestino: 72.
Así a todo Calviño
qu'eu qued'algh'ademirado
o seres da mismã quintã
e quedar así pelado;
- Calviño: 73.
Quedei cäs cavilacións
a mais vivo moi contento
porque Dios quitoum'o pelo
deixoum'o entendemento;

ID#592



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Celestino:	Quitouch'o peliño todo que non tardas en pelare e o pouqu'entendemento non che tarda en marchare;	74.
Calviño:	Poder cantar libremente sin usá-la picardía e decir tod'o qu'eu sei cási qu'er'o qu'eu quería;	75.
Celestino:	Eu desengañot'ahora como t'hei desengañare debe decí-lo que queiras de curto non vas quedare.	76.